



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URGENTE DO 28 DE OUTUBRO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00048338T.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da presente convocatoria.

3. EDUCACIÓN. Referencia: 2022/00035434E.

Aprobación da concesión directa da subvención á Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui, do gasto e do texto do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a dita Asociación para o financiamento do programa “Vacacións en Paz”.

Apróbase a concesión directa da subvención á Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui para o ano 2022 por importe de 8.000 euros, prevista nominativamente nos seus orzamentos (aplicación 080 32600 4890001) para a execución do Programa de acollemento de nenos e nenas saharauis “Vacacións en Paz”; e o texto do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a dita Asociación para o financiamento do citado programa.

4. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00042374Q.

Aprobación do Convenio para a subvención do Mercado de abastos 2022.

Apróbase o Convenio de Colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o Mercado de Abastos de Santiago, S.C.G., conforme ao artigo 22.2º da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e aprobación do gasto por importe de 10.000 euros con imputación á aplicación orzamentaria 010 43120 4790001.

5. DEPORTES. Referencia: 2022/00042203Y.

Aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Federación Galega de Baloncesto para o ano 2022.

Acórdase:

1. Aprobar o borrador de convenio coa FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO.
2. Aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de **10.000 €** con cargo á aplicación 090 34100 4890013 do orzamento municipal do ano 2022.

6. DEPORTES. Referencia: 2022/00042204F.

Aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Federación Galega de Judo e Disciplinas Asociadas para o ano 2022.

Acórdase:

1. Aprobar o borrador de convenio coa FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E DISCIPLINAS ASOCIADAS.
2. Aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de 6.000 € con cargo á aplicación 090 34100 4890014 do orzamento municipal do ano 2022.

7. DEPORTES. Referencia: 2022/00042207X.

Aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Federación Española de Luchas Olímpicas y D.A. para o ano 2022.

Acórdase:

1. Aprobar o borrador de convenio coa FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE LUCHAS OLÍMPICAS Y D.A..
2. Aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de 10.000 € con cargo á aplicación 090 34100 4890021 do orzamento municipal do ano 2022.

8. DEPORTES. Referencia: 2022/00042166S.

Aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Club de Atletismo Fontes do Sar para o ano 2022.

Acórdase:

1. Aprobar o borrador de convenio co Club de Atletismo Fontes do Sar.
2. Aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de 12.000 € con cargo á aplicación 090 34100 4890006 do orzamento municipal do ano 2022.

9. DEPORTES. Referencia: 2022/00043080D.

Aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Club Ciclista Compostelano para o ano 2022.

Acórdase:

1. Aprobar o borrador de convenio con CLUB CICLISTA COMPOSTELANO.
2. Aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de **6.000 €** con cargo á aplicación 090 34100 4890008 do orzamento municipal do ano 2022.

10. DEPORTES. Referencia: 2022/00042206D.

Aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Federación Galega de Karate e Disciplinas Asociadas para o ano 2022.

Acórdase:

1. Aprobar o borrador de convenio coa FEDERACIÓN GALEGA DE KARATE E DISCIPLINAS ASOCIADAS.
2. Aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de 5.000 € con cargo á aplicación 090 34100 4890016 do orzamento municipal do ano 2022.

11. DEPORTES. Referencia: 2022/00042205P.

Aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e Federación Española de Kárate y D.A. para o ano 2022.

Acórdase:

1. Aprobar o borrador de convenio coa FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE KÁRATE Y D.A.
2. Aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de 18.000 € con cargo á aplicación 090 34100 4890023 do orzamento municipal do ano 2022.

12. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2022/00042059T.

Aprobación do texto do convenio e concesión directa da subvención á Asociación Cultural Rocha Forte para o 2022.

Apróbase o texto do convenio e da concesión directa da subvención á Asociación Cultural Rocha Forte, por importe de 5.000 €, con imputación á aplicación orzamentaria 050 33400 4890003, conforme ao previsto no artigo 22.2.a da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e aprobación do gasto.

13. COMERCIO. Referencia: 2022/00036827N.

Modificación do primeiro parágrafo da base 12 “Xustificación” das bases de convocatoria de axudas para actividades de promoción e dinamización comercial, anualidade 2022.

Acórdase a:

Modificación da base 12ª, primeiro parágrafo, da convocatoria de axudas para actividades de promoción e dinamización comercial, anualidade 2022, que queda redactada como segue:

1. A data límite de xustificación é o 10 de novembro de 2022. Se presenta a solicitude a través da sede do Concello de Santiago (sede.santiagodecompostela.gal) deberá escoller o trámite “Xustificación de subvencións concedidas polo Concello” dentro do catálogo de trámites dispoñible. “

Este acordo non é susceptible de recurso sen prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento.